

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE NEGREIRA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte a Consellería de Medio Rural, representada neste acto pola conselleira do Medio Rural, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E da outra, a entidade local, Concello de NEGREIRA, representada neste acto polo alcalde, Manuel Ángel Leis Míguez, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo decreto 148/2024 do 20 de maio, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución española.

Segundo. As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

Terceiro. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, o artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén o artigo 59 establece que: "A Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.

A Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para a sinatura de convenios de colaboración cos concellos para a redacción dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais nos termos establecidos no artigo 16 e para a realización de traballos preventivos en vías e montes de titularidade municipal e na xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2, e co fin de que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas nela consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de administración local de Galicia".



Cuarto. As accións en materia de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural (Feader) foron incorporadas na intervención 68812: Investimentos forestais en prevención de danos forestais, dentro da cal está a subintervención 68812_08 Colaboración con entidades locais do PEPAC 2023-2027 aprobado por Decisión de execución da Comisión C (2022) 6017 final, do 31 de agosto de 2022, Decisión de execución da Comisión C (2023) 5746 final, do 30 de agosto de 2023 e C(2024) 6133 final, do 30 de agosto de 2024. . En concreto están previstas nas seguintes normas:

- Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da Política Agrícola Común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1307/2013.
- Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello de 2 de decembro de 2021 sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) 1306/2013.
- Regulamento Delegado (UE) 2022/127 da Comisión do 7 de decembro de 2021, que completa o Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello con normas relativas aos organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, as garantías e o uso do euro.
- Regulamento de Execución (UE) 2022/128 da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia.
- Regulamento de Execución (UE) 2022/129 da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC.
- Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común.
- Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regula o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas.
- Real Decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e modifícanse varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027.



Quinto. Os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para as políticas de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica, ambiental e social de Galicia. Actuar contra este desafío esixe promover accións integrais que promovan actuacións preventivas en todo o territorio, con especial intensidade nas zonas de medio e alto risco, de acordo cos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia.

De acordo co disposto na Orde da Consellería do Medio Rural, do 18 de abril de 2007, pola que zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, todos os concellos galegos están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que as actuacións desta índole poden ser obxecto de financiamento Feader.

Sexto. As entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais, polo que a Consellería do Medio Rural, no marco deste convenio, promove a colaboración económica para o cofinanciamento de actuacións do tipo:

- a) Actuacións de defensa contra incendios forestais mediante vehículos motobomba de propiedade municipal, cunha axuda máxima de 5.000,00 €/mes/motobomba.
- b) Actuacións de prevención e defensa contra incendios forestais a realizar polas brigadas contra os incendios forestais, cunha axuda máxima de 40.000,00 €/ano por brigada, distribuída en función do fondo financiador, do xeito seguinte:
 1. Para os labores de vixilancia e defensa, cunha axuda máxima de 21.000,00 €/ano para brigadas de 5 compoñentes ou de 16.800,00 €/ano para brigadas de 4 compoñentes financiado con fondos propios da Comunidade Autónoma.
 2. Para os labores de prevención de incendios de xeito manual cunha axuda máxima en función dos traballos realizados, co tope de 19.000,00 €/ano (fondo Feader)
- c) Realización de tratamentos preventivos mecanizados (fondo Feader), cunha axuda máxima de 350,00 €/ha.

As actuacións dos tipos b.2) e c) corresponden a traballos de prevención que se enmarcan dentro da subintervención 68812_08 Colaboración con entidades locais do PEPAC 2023-2027 polo que están cofinanciadas polo Feader (80,00%), pola Administración xeral do Estado (16,00%) e pola Xunta de Galicia (4,00%).

Sétimo. A Dirección Xeral de Defensa do Monte realizou con carácter previo á sinatura do convenio, un procedemento aberto á participación da totalidade dos concellos e mancomunidades de municipios de Galicia para colaborar no desenvolvemento das accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026. No proceso de selección ás entidades que presentaron solicitude no dito proceso aplicáronse os criterios de selección de operacións vixentes para a subintervención 68812_08 do PEPAC 2023-2027.

O Concello de NEGREIRA resultou seleccionado nos termos que se recollen nas cláusulas primeira e segunda deste convenio.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de participación e de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de NEGREIRA, para o desenvolvemento das accións seguintes de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025/26, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso de todos os recursos que se inclúen neste convenio:



Actuación por anualidade		Número	Duración	Superficie
a)	Vehículo motobomba	0	0,00 meses	
b)	Labores de vixilancia e defensa			
	b.1) brigada de 5 compoñentes	1	3 meses	
	b.2) brigada de 4 compoñentes	0	3 meses	
c)	Labores de prevención de xeito manual	1	3 meses	
d)	Tratamentos preventivos de xeito mecanizado			120,00 ha

SEGUNDA. *Financiamento*

1. A Consellería do Medio Rural financiará, con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025/26, cofinanciada parcialmente polo Feader no marco PEPAC 2023-2027, as actuacións coas contías seguintes:

ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS					
Tipo de actuación	Importe máximo da axuda ano 2025	Importe máximo da axuda ano 2026	Importe máximo total da axuda anos 2025-2026	Proxecto contable	Tipo de fondos
a) Vehículo motobomba	0,00	0,00	0,00	2011 00771	Fondos propios da Comunidade Autónoma
b) Labores de vixilancia e defensa	21.000,00	21.000,00	42.000,00	2011 00771	Fondos propios da Comunidade Autónoma
TOTAL ACTUACIÓNS EXTINCIÓN	21.000,00	21.000,00	42.000,00	2011 00771	Fondos propios da Comunidade Autónoma
ACTUACIÓNS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS					
Tipo de actuación	Importe máximo da axuda ano 2025	Importe máximo da axuda ano 2026	Importe máximo total da axuda anos 2025-2026	Proxecto contable	Tipo de fondos
c) Labores de prevención de xeito manual	19.000,00	19.000,00	38.000,00	2025 00134	Fondos FEADER+Cofinanciamento
d) Tratamentos preventivos de xeito mecanizado	42.000,00	42.000,00	84.000,00	2025 00134	Fondos FEADER+Cofinanciamento
TOTAL ACTUACIÓNS PREVENCIÓN	61.000,00	61.000,00	122.000,00	2025 00134	Fondos FEADER+Cofinanciamento
TOTAL ACTUACIÓNS EXTINCIÓN E PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS	82.000,00	82.000,00	164.000,00		

2. Cada actuación aprobada indicadas no cadro do punto 2 desta cláusula xera un expediente administrativo de subvención diferenciado, que se tramita de conformidade coas cláusulas deste convenio e ao abeiro do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. *Definición das actuacións*

1. Actuacións en materia de vixilancia e defensa contra incendios:

- “Vehículo motobomba”: vehículo todoterreno equipado con cisterna e bomba de auga.
- “Labores de vixilancia e defensa”: unidade composta por 4 ou 5 persoas que realizarán labores de defensa e extinción de incendios durante un período de operatividade de 3 meses. Para a súa constitución deberán cumprir as condicións establecidas na cláusula oitava.

2. Actuacións en materia de prevención de incendios:



a) "Labores de prevención de xeito manual": traballos de roza manual e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal con redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

b) "Tratamentos preventivos de xeito mecanizado": rozas mecanizada de matogueira con apeiro rozador de cadeas ou similar acoplado a tractor.

Os concellos que formen parte dunha mancomunidad de municipios que asine o "convenio entre a Consellería de Medio Rural e as mancomunidades de municipios para o desenvolvemento dun programa piloto no que se establecen 6 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de 6 meses " non poderán levar a cabo actuacións de prevención de xeito manual e/ou mecanizado durante o ano 2025 nas mesmas superficies nas que vaia actuar a mancomunidad de municipios á que pertence.

CUARTA. Programa de actuacións preventivas (PAP)

1. O Programa de actuacións preventivas (PAP) é un documento esencial para obter a axuda para estas actuacións, nel a entidade local reflicte a planificación detallada dos traballos de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e dos labores de prevención de xeito manual. Presentarase no prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio para a primeira anualidade (2025) e durante o primeiro trimestre do ano 2026 para a segunda anualidade (2026), co contido mínimo recollido no anexo I.

2. O PAP presentarase a través da aplicación informática de xestión CONLU, someterase á revisión documental por parte do persoal técnico do distrito forestal e á inspección previa sobre o terreo por parte de persoal funcionario da Consellería do Medio Rural, que verificará as superficies e a viabilidade dos traballos e emitirá un informe no prazo máximo de dez (10) días. De ser favorable, a Comisión de seguimento aprobará o PAP. Se o informe é negativo, a entidade local deberá modificar o PAP. Unha vez aprobado pola citada Comisión, o PAP quedará integrado como parte do convenio e posibilitará o inicio dos traballos.

3. A falta de presentación do PAP por parte da entidade local, ou a presentación dun PAP tan defectuoso que imposibilite o desenvolvemento dos traballos, producirá a perda do dereito ao cobro da axuda para as actuacións en materia de prevención. Non obstante, poderase producir a aprobación parcial para un dos dous tipos de traballos no caso de que a inspección previa sexa favorable.

QUINTA. Medios necesarios para a realización das actuacións de prevención e de vixilancia e defensa contra incendios.

1. A entidade local colaboradora, para a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado, de xeito manual e para labores de vixilancia e defensa, poderá realizar as tarefas sinaladas neste convenio cos seus propios traballadores, ou ben mediante o procedemento de licitación que corresponda, desenvolvido ao abeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

2. No caso de que a entidade local contrate a realización das actuacións de prevención está obrigada, independentemente do tipo de contrato e da contía da licitación, a solicitar un mínimo tres (3) ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles. Esta obriga vén imposta pola esixencia vinculada ao financiamento Feader, consonte o artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agraria Común, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, de moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. No



suposto de non obter resposta/s a esta solicitude, a entidade local presentará, xunto coa xustificación, unha declaración responsable que acredite esta circunstancia.

3. O persoal encargado do manexo dos vehículos motobomba terá vinculación laboral coa entidade local.

4. A entidade local deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire este convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

SEXTA. Requisitos do persoal vinculado ás actuacións do convenio como integrante das brigadas e/ou para o manexo de vehículos motobomba

1. A entidade local certificará que o persoal elixido para as actuacións deste convenio realizou un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para a realización do traballo. Na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico existe unha recomendación técnica sobre os procedementos para a elección de persoal para a extinción de incendios forestais, onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e de condición física:

<https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/incendios-forestales/seguridad>

A entidade local será responsable de que se incorpore exclusivamente persoal que supere o recoñecemento médico e as probas físicas segundo esta recomendación técnica.

2. A entidade local certificará que o persoal realizou un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e a defensa contra os incendios forestais co contido mínimo establecido no anexo II.

Este curso realizarase logo da selección de persoal e con anterioridade ao inicio da operatividade ou, no seu defecto, nos dous primeiros días desta. É unha formación obrigatoria para todo o persoal vinculado ás accións deste convenio, independentemente de que o realizaran con anterioridade.

3. Estas certificacións da entidade local entregaranse ao persoal do distrito forestal con anterioridade ou no momento da realización da inspección previa ao inicio das actuacións.

SÉTIMA. Integración de vehículos motobomba e brigadas municipais no dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais (SPIF)

1. Os vehículos motobomba (VMB) e as brigadas integraranse desde o inicio da actividade, e durante todo o período de actuación, no dispositivo de emerxencias do distrito forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación dos VMB na extinción de incendios forestais respecto doutros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do distrito forestal, conforme ao previsto no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación neste supostos.

2. A integración no dispositivo do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (en diante, SPIF) realizarase baixo o mando único descrito no Pladiga. A entidade local adherirase ao procedemento operativo do Pladiga como plan director. Os traballos de vixilancia e defensa contra incendios serán marcados sempre por persoal do SPIF ao responsable da brigada.

3. A entidade local designará unha persoa responsable e coordinadora do funcionamento dos VMB, en colaboración e coordinación co despregamento de medios do distrito forestal, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal ao que pertenza a entidade local. Durante a vixencia do convenio os VMB estarán operativos 16 horas/día con carácter ordinario, con plena dispoñibilidade, acorde ao horario establecido, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.



4. A entidade local garantirá a colaboración e a coordinación co despregamento de medios, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinadora do funcionamento da brigada, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal. A persoa responsable da brigada será a interlocutora coa que se relacionará unicamente o persoal do SPIF e será a quen lle corresponda impartir directamente as ordes e as instrucións de traballo ao resto da brigada municipal.

OITAVA. *Composición e dotación das brigadas*

1. Cada brigada que se forme estará composta por:

a) Unha persoa coa categoría de xefe/a de brigada. Estará en posesión dalgunha das titulacións seguintes: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B.

b) Tres ou catro persoas coa categoría peón de brigada, segundo se constituía unha brigada de 5 ou 4 compoñentes. Polo menos unha delas deberá contar co permiso de conducir tipo B.

2. As persoas que compoñen a brigada realizarán os labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres (3) meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

3. A entidade local dotará a cada brigada dun vehículo todoterreo durante todo o período de operatividade.

4. Nas labores de vixilancia e defensa de incendios, o/a xefe/a de brigada exercerá como responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal ao que pertenza a entidade local, de acordo co procedemento operativo establecido no Plan de Extinción do PLADIGA en vigor.

NOVENA. *Períodos de operatividade*

1. Os períodos de operatividade con carácter xeral son:

- Para os VMB: entre 2 e 4 meses ininterrompidos desde o seu inicio, sen superar a data límite de xustificación.
- Para as brigadas:
 - Para os labores de vixilancia e defensa: tres (3) meses ininterrompidos desde o seu inicio.
 - Para os labores de prevención de xeito manual: dende a comunicación do inicio dos traballos ata o fin do período de 3 meses ininterrompidos indicado no punto anterior.
 - Para os traballos preventivos de xeito mecanizado desde a comunicación do inicio dos traballos ata data límite de xustificación.

2. O comezo de operatividade dos VMB terá lugar na data do mes de xullo que determine a entidade local e que comunicará á Dirección Xeral de Defensa do Monte, a través do sistema informático de xestión CONLU, cunha anterioridade mínima de tres (3) días á súa efectividade.

3. O comezo de operatividade das labores de vixilancia e defensa terá lugar na data do mes de xullo que determine a entidade local e que comunicará á Dirección Xeral de Defensa do Monte, a través do sistema informático de xestión CONLU, cunha anterioridade mínima de tres (3) días á súa efectividade.



4. A Comisión de seguimento, por causas debidamente motivadas, poderá autorizar o adiamento da data de inicio das brigadas e dos VMB como máximo ata o 15 de agosto. Para isto a entidade local deberá solicitar antes de que remate o mes de xullo poder prorrogar o inicio da brigada e/ou do VMB, sen que en ningún caso poida autorizarse o inicio máis tarde do 15 de agosto de cada anualidade. Este acordo quedará recollido na acta preceptiva que se incorporará ao expediente administrativo. Neste caso, o período previsto de operatividade contarase a partir desa data nova.

5. Unha vez que obteña a aprobación do PAP, a entidade local notificará a Consellería do Medio Rural, a través do sistema informático de xestión CONLU, o comezo de operatividade da acción de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e manual. Solo se terán en conta, á hora da xustificación e pagamento das actuacións, aqueles traballos feitos dende a data de inicio.

DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou os/as profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do convenio coa Consellería do Medio Rural; de tal xeito que non se poderá esixir á consellería responsabilidade algunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou polos feitos que teñan lugar durante o desenvolvemento deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Compromisos da entidade local*

A entidade local comprométese a:

1. Realizar as accións de colaboración de conformidade co disposto neste convenio e no PAP.
2. Xustificar a súa realización e o cumprimento da finalidade e dos requisitos e condicións deste convenio ante a Dirección Xeral de Defensa do Monte.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que, con respecto á xestión dos fondos deste convenio, efectuará a Consellería do Medio Rural, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como os controis que poidan realizar as institucións comunitarias respecto das actuacións cofinanciadas parcialmente con fondos comunitarios.
4. Levar un sistema de contabilidade específica Feader, ou ben un código contable axeitado, onde se rexistren as transaccións relativas ás actuacións cofinanciadas, tal e como esixe o artigo 123.2.b) do Regulamento (UE) 2021/2115, do 2 de decembro de 2021. Así mesmo, conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
5. Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito dos Fondos Feader, en particular os casos considerados como fraude segundo os artigos 3 e 4 da Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de xullo de 2017 sobre a loita contra o fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión a través do Dereito Penal.
6. Proporcionar á Autoridade rexional de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos nos que a dita autoridade delegara a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, tal como establece o Regulamento (UE) 2021/2115, do 2 de decembro de 2021, no seu artigo 131, o



compromiso por parte das persoas beneficiarias de axudas no marco das medidas de desenvolvemento rural.

7. A sinatura deste convenio pola entidade local implica a declaración do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Acreditar que a entidade local cumpriu o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de acordo co indicado no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
9. Dotar o persoal vinculado ás actuacións do convenio, do equipo de protección individual (EPI) e das ferramentas indispensables para realizar as súas funcións de conformidade coa normativa vixente. As características técnicas mínimas dos EPI serán as marcadas polo "Comité de Lucha contra Incendios Forestales" (CLIF) ou polo Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga).
10. Adoptar as medidas de publicidade en materia de fondos Feader establecidas na cláusula vixésima terceira punto 2.
11. No caso de realizar subcontratación das actuacións, realízala de acordo cos procedementos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

DÉCIMO SEGUNDA. Compromisos da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural comprométese a:

1. Poñer a disposición da entidade local os medios de comunicación precisos para a integración dos VMB e das brigadas na Rede emerxencias e seguridade de Galicia (Resgal), sendo responsabilidade da entidade local calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devolvelos, unha vez finalizada a vixencia deste convenio, en perfecto estado.
2. Proporcionar acceso e soporte ao sistema informático CONLU de xestión de convenios da Dirección Xeral de Defensa do Monte.
3. Comunicar á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), para a publicación, toda a información relativa ás axudas recollidas neste convenio, en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Contribuír ao financiamento das actividades obxecto deste convenio nos termos sinalados na cláusula segunda.

DÉCIMO TERCEIRA. Gastos subvencionables e contía da axuda nas accións de prevención de incendios (Fondo Feader)

De conformidade co establecido no artigo 83 apartado 1 e 2 do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, para realizar o cálculo do importe máximo para os custos por hectárea e parcela, estableceuse como sistema de cálculo de custos simplificados un baremo estándar de custos unitarios.

1. Tratamentos preventivos de xeito mecanizado: son gastos subvencionables os derivados da execución de actuacións mediante roza mecanizada de acordo coa seguinte descrición:



DESCRICIÓN	CUSTO UNITARIO	% DA AXUDA	CUSTO UNITARIO SUBVENCIONADO
Roza mecanizada dunha hectárea de matogueiral, con rozadora de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta de matogueira do 100%.	469,92 €/ha	74,48%	350,00 €/ha

A contía da axuda será o resultado de multiplicar o custo unitario subvencionado de cada hectárea rozada polo número de hectáreas rozadas certificadas no informe final de execución do distrito forestal cun máximo de 120,00 hectáreas.

2. Actuacións preventivas de xeito manual: Son gastos subvencionables os derivados da execución de actuacións manuais de roza e os derivados das actuacións de investigación do estado das parcelas da rede de faixas secundarias, de acordo coa seguinte descrición:

DESCRICIÓN	CUSTO UNITARIO	% DA AXUDA	CUSTE UNITARIO SUBVENCIONADO
Roza manual tipo 1: hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes inferiores ao 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.592,27 €/ha	100%	1.592,27 €/ha
Roza manual tipo 2: hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes superiores ao 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.698,42 €/ha	100%	1.698,42 €/ha
Roza manual tipo 3: hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm en pendentes inferiores ao 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	2.080,56 €/ha	100%	2.080,56 €/ha
Roza manual tipo 4: hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm en pendentes superiores ao 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	2.547,62 €/ha	100 %	2.547,62 €/ha
Ud de investigación de estado de parcela e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais.	12,86 €/parcela	93,30 %	12,00 €/parcela

A contía da axuda será o resultado de multiplicar o custe unitario subvencionado de cada tipo de hectárea rozada de xeito manual e de cada parcela investigada segundo a porcentaxe da axuda establecido no cadro anterior polo número de hectáreas rozadas e parcelas investigadas que consten



no informe final de execución do distrito forestal cun importe máximo total anual de 19.000,00 € para todas as actuacións deste punto.

3. De acordo do artigo 83 apartado 1.a) do Regulamento (UE) 2021/115 do Parlamento Europeo e do Consello, se as actuacións preventivas son obxecto de execución externa mediante a adxudicación dun contrato público de obras, bens ou servizos, non procederá a axuda en forma de baremo estándar de custos unitarios. Neste caso a axuda revestirá a forma de reembolso de custos subvencionables no que se incorrese e realmente abonados pola entidade local de acordo cos documentos xustificativos de gasto presentados (ofertas, facturas e xustificantes bancarios de pago) co límite máximo indicado para cada tipo de actuación nos puntos 1 e 2 desta cláusula.

4. O imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos das actuacións preventivas é un imposto soportado pola entidade, polo que non é un gasto subvencionable polo Feader.

DÉCIMO CUARTA. Gastos subvencionables e contía nas accións de vixilancia e defensa contra incendios (Fondos Propios)

1. Son gastos subvencionables na actuación de vehículos motobomba os que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio, que se realicen desde a sinatura do convenio, que sexan coherentes coa actuación, estritamente necesarios para levala a cabo e estean efectivamente pagados na data límite de xustificación das actuacións obxecto de axuda, incluíndo os gastos de persoal, o funcionamento e mantemento básico dos vehículos motobombas, así como da subministración de EPIs e ferramentas de extinción.

O importe máximo axuda será de 5.000,00 €/mes de operatividade do vehículo motobomba podendo ser minorado segundo o establecido na cláusula vixésima, punto 1 a).

2. Son gastos subvencionables na acción na actuación da brigadas en labores de vixilancia e defensa contra incendios aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e que se realicen dende o inicio da operatividade das brigadas ata o prazo de finalización da mesma, que incluírá:

- a) Gastos de persoal: serán subvencionables os custos directos do persoal, incluídos os seguros sociais, que teña vinculación laboral coa entidade local e se asignen para este convenio como compoñentes da brigada.
- b) Gastos de funcionamento e mantemento básico dos vehículos de transporte. Para a imputación destes gastos deberá quedar identificado o vehículo ao que fai referencia o gasto e o tipo de traballo obxecto da axuda.
- c) Gastos dos recoñecementos médicos e das probas físicas esixidas neste convenio para as actuacións de vixilancia e defensa.
- d) Gastos da formación esixida neste convenio para as actuacións de vixilancia e defensa.
- e) Gastos da subministración de EPI para as actuacións de vixilancia e defensa.
- f) Gastos da subministración de ferramentas para o persoal das brigadas de vixilancia e defensa (batelumes, pulaskis e similares).

O importe máximo da axuda será de 21.000 €/ano para as brigadas de 5 compoñentes e de 16.800 €/ano para as brigadas de 4 compoñentes, podendo ser minorado segundo o establecido na cláusula vixésima, punto 1 b) e na décimo quinta, punto 3.b)iii. Para evitar o dobre financiamento, a suma dos gastos de persoal imputados aos labores de vixilancia e defensa e aos labores de prevención, unha vez descontados os períodos de inoperatividade, non poderá ser superior ao importe total dos gastos de persoal abonados pola entidade local.



3. A Consellería do Medio Rural aboará os gastos subvencionables xustificadas debidamente ata o importe máximo por actuación ou a parte proporcional, segundo corresponda, tendo en conta que, de acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

DÉCIMO QUINTA. *Pagamentos anticipados nas accións de vixilancia e defensa (Fondos Propios)*

1. A Consellería do Medio Rural poderá realizar pagamentos anticipados, para as actuacións dos VMB e das brigadas de extinción de ata o 90% do importe da axuda, en cada anualidade, de acordo co establecido no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O pagamento dos anticipos realizarase logo da sinatura do convenio e unha vez que o distrito forestal correspondente emita e integre na aplicación informática CONLU o informe favorable de inicio da operatividade. No informe farase referencia polo menos a:

a) Respecto dos VMB: A matrícula do vehículo, a identificación do persoal encargado do manexo e da persoa responsable da coordinación, os datos de contacto, a dotación de EPI, a existencia da documentación dos vehículos esixida pola normativa aplicable e o seu equipamento, a realización de recoñecemento médico, de probas físicas e do curso de formación, segundo o determinado no convenio, e indicará a data de inicio de operatividade.

b) Respecto das brigadas extinción: A identificación das persoas compoñentes e dos postos que ocupan na composición da brigada, a realización de recoñecemento médico, de probas físicas e de curso de formación, o vehículo todoterreo empregado coa documentación esixida pola normativa aplicable, o EPI e as ferramentas e, finalmente, indicará a data de inicio e da operatividade da brigada.

3. A contía do anticipo modularase en función do manifestado no informe de inicio da operatividade en relación ao número de membros cos que se constitúe a brigada ou á operatividade parcial dos VMB do seguinte xeito:

a) No caso dos VMB o importe do anticipo calcularase en función do número de condutores contratados na data de inicio da operatividade do vehículo:

- i. Inicio con 3 condutores: 90% do importe da axuda.
- ii. Inicio con 2 condutores: 60% do importe da axuda.
- iii. Inicio con 1 condutor: 30% do importe da axuda.

b) No caso das brigadas o importe do anticipo calcularase do seguinte xeito:

- i. Brigadas de 5 compoñentes: 90% do importe da axuda (18.900 €)
- ii. Brigadas de 4 compoñentes: 90% do importe da axuda (15.120 €)
- iii. No caso de brigadas de 5 compoñentes, se debido a causas debidamente xustificadas non é posible a contratación dos 5 compoñentes, a entidade local poderá solicitar o comezo da brigada con 4 compoñentes. Neste caso procederase á minoración do importe da axuda concedida ao correspondente importe das brigadas de 4 compoñentes. O importe do anticipo, polo tanto, será o 90 % do importe minorado da axuda (15.120 €).



- iv. Se no informe inicial de operatividade da brigada se reflexa algunha incidencia que supoña o atraso do inicio dos traballos de vixilancia e defensa en máis de 7 días , o importe do anticipo reducirase ao 50 % do importe da axuda.

DÉCIMO SEXTA: *Prazo de xustificación*

1. Para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado o prazo de presentación da documentación xustificativa das actuacións obxecto deste convenio comeza ao día seguinte da finalización da actuación de que se trate e remata o 30 de setembro de cada ano.
2. Para a actuación de vehículos motobomba o prazo de presentación da documentación xustificativa será de 15 días naturais dende a data de remate da súa operatividade.
3. Para a actuación das brigadas tanto dos labores de vixilancia e defensa como dos tratamentos preventivos de xeito manual; o prazo de presentación da documentación xustificativa será de 15 días naturais dende a data de remate dos 3 meses de operatividade indicados na cláusula novena.
4. En calquera caso respectarase o principio de anualidade para a xustificación do convenio

DÉCIMO SÉTIMA. *Xustificación das actuacións a presentar pola entidade local en materia de vixilancia e defensa de incendios (Fondo Propio)*

1. A entidade local presentará a solicitude de pagamento xunto coa documentación xustificativa seguinte por cada un dos expedientes administrativos que xera cada actuación do convenio (motobomba e brigada de extinción), tendo en conta que o gasto realizado é o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación:

- Memoria de xustificación de gastos, asinada polo Secretario/a e polo/a alcalde/sa, que incluírá
 1. A relación nominal das persoas traballadoras adscritas ás actividades obxecto de axuda cos datos de identidade das persoas traballadoras, a indicación de inicio e fin do período de actuación, cos importes das retribucións e das cotizacións sociais e coa contía imputada a cada actuación subvencionada.
 2. A relación ordenada e clasificada dos gastos e dos investimentos da actividade, con identificación da persoa acreedora, do número de factura, do importe sen IVE, do importe con IVE, da data de emisión da factura, da data de pagamento e do documento bancario acreditativo do pagamento.
- De ser o caso, a relación detallada doutros ingresos e/ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As ofertas de licitación de servizos externos. No caso de que a entidade local contrate con empresas do sector as accións de realización da actuación de brigadas –independentemente das obrigas dispostas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en materia de límites máximos para aplicar a obriga de solicitar, cando menos, un mínimo tres (3) ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles.

2. A Solicitude de pagamento, de presentación obrigada mediante o formulario web a través do sistema informático CONLU, contén as declaracións seguintes:

- Que a entidade local cumpre as obrigas e os requisitos establecidos neste convenio, de conformidade cos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da súa normativa de desenvolvemento.



- Que a entidade local comunica ter, ou non, solicitado ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade.
- Que a entidade local está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
- Que o IVE dos gastos imputados en materia de vixilancia e defensa contra os incendios forestais para esta entidade local ten a condición de deducible ou de non deducible.
- Que todas as transaccións deste investimento son obxecto de contabilidade diferenciada mediante un código contable específico no sistema contable da entidade local, con indicación expresa da súa vinculación co financiamento Feader.
- Que asume a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a obriga de comunicar o órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito dos fondos Feader.

DÉCIMO OITAVA. Xustificación das actuacións a presentar pola entidade local en materia de prevención de incendios (Fondo Feader)

1. A entidade local presentará a solicitude de pagamento xunto coa documentación xustificativa seguinte por cada un dos expedientes administrativos que xera cada actuación do convenio (traballos preventivos de xeito manual da brigada e tratamento preventivo de xeito mecanizado), tendo en conta que o gasto realizado é o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación:

a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, asinada polo Alcalde/sa, con indicación das actuacións realizadas en materia preventiva e da súa incidencia económica. Inclúirá:

1. O detalle das superficies obxecto de actuación, que estarán previstas obrigatoriamente no PAP aprobado.
2. O detalle das parcelas obxecto de investigación da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e os informes redactados, que estarán previstas obrigatoriamente no PAP aprobado.
3. Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e dos importes previstos na cláusula décimo terceira deste convenio.

b) Certificación expedida polo órgano que teña as facultades de control contable no concello, na que se indique o total de hectáreas rozadas ou do número de parcelas investigadas que se realizaron con medios propios da entidade local e as que se realizaron con medios externos.

c) No caso de que se acuda a realización das actuacións con medios externos:

a) As ofertas de licitación de servizos externos de actuacións preventivas. No caso de que a entidade local contrate con empresas do sector as accións de realización de tratamentos preventivos –independentemente das obrigas dispostas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico en materia de límites máximos para aplicar a obriga de solicitar, cando menos, un mínimo tres (3) ofertas de diferentes provedores que non teñan vinculación entre eles– o feito de que o financiamento das actuacións sexa con fondos europeos Feader, impón, consonte o artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agraria Común, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao



desenvolvemento rural, moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado de avaliación, como os custos de referencia, a comparación de ofertas diferentes ou un comité de avaliación. Por tanto, a existencia da solicitude dun mínimo de tres (3) ofertas aplicarase independentemente da contía de licitación.

b) Unha relación clasificada de gastos acompañada das facturas xunto co xustificante de pago bancario de cada factura. Os xustificantes bancarios deberán indicar o destinatario do pago, data de pago, nº de factura e importe.

d) De ser o caso, a relación detallada doutros ingresos e/ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Acreditación da realización das medidas de publicidade de acordo co establecido na cláusula vixésimo terceira.

2. A Solicitude de pagamento, de presentación obrigada mediante o formulario web a través do sistema informático CONLU, contén as declaracións seguintes:

a) Que a entidade local cumpre as obrigas e os requisitos establecidos neste convenio, de conformidade cos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da súa normativa de desenvolvemento.

b) Que a entidade local comunica ter, ou non, solicitado ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade.

c) Que a entidade local está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

d) Que o IVE dos gastos imputados en materia de vixilancia e defensa contra os incendios forestais para esta entidade local ten a condición de deducible ou de non deducible.

e) Que todas as transaccións deste investimento son obxecto de contabilidade diferenciada mediante un código contable específico no sistema contable da entidade local, con indicación expresa da súa vinculación co financiamento Feader.

f) Que asume a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a obriga de comunicar o órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito dos fondos Feader.

DÉCIMO NOVENA. Actuacións de comprobación por parte da Consellería: informes finais de operatividade e de execución de traballos preventivos

1. A actuación dos VMB e das brigadas en labores de vixilancia e defensa durante o período de operatividade será obxecto dun informe final de operatividade emitido por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural vinculado ao seguimento do convenio, no que se faga constar se a colaboración co SPIF foi satisfactoria ou non, e se a operatividade foi completa.

No caso de que a colaboración non fora totalmente favorable, modificarase á baixa o pagamento da cantidade comprometida no convenio ou revogarase, segundo corresponda. Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflecta que os medios conveniados non estiveran operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ao total da axuda será minorada na contía establecida neste convenio para estas circunstancias. Para estes efectos o informe reflectirá os días de non operatividade dos VMB e das brigadas.



Non obstante, nos supostos nos que a entidade teña máis dunha brigada no convenio e se produza a baixa dun/dunha xefe/a de brigada, non se practicará desconto por non operatividade sempre que o resto dos/das compoñentes se integren operativamente noutra das brigadas operativas do concello, asumindo a persoa responsable desta brigada a súa dirección durante toda duración da dita baixa. Esta circunstancia deberá ser comunicada pola entidade, no momento de producirse, a través da Comisión de seguimento, que deberá deixar constancia da súa conformidade.

2. En materia de prevención contra incendios (manual e/ou mecanizada), o informe de execución será emitido por persoal funcionario, vinculado ao seguimento dos traballos e distinto ao que realizou a inspección previa. O informe indicará se os traballos foron realizados de conformidade co PAP aprobado pola Comisión de seguimento, especificando: número de hectáreas desbrozadas de xeito mecanizado, número de hectáreas desbrozadas de xeito manual e/ou o número de parcelas investigadas incluídas na rede de faixas secundarias .

Con este informe poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número de unidades inferior ás aprobadas no inicio nos tratamentos preventivos de xeito mecanizado e/ou no caso de que o número de unidades de tratamentos preventivos de xeito manual non chegue para xustificar os importes máximos establecidos na cláusula décimo terceira, punto 2.

VIXÉSIMA. *Pagamento final*

1. A Subdirección Xeral de Prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte é o órgano encargado da instrución do expediente administrativo de xustificación para a posterior tramitación do pagamento das axudas. Unha vez presentada a solicitude de pagamento coa documentación xustificativa e, logo da emisión dos informes finais de execución dos traballos de prevención, esta unidade realizará o control administrativo da solicitude de pago e emitirá a certificación necesaria para o pagamento da axuda.

Na certificación para o pagamento reflectirase o importe que xustifica a entidade local, o importe que verifica a unidade e o importe a pagar coas minoracións e/ou reducións que procedan segundo se especifica:

- a) Minoracións para labores de vixilancia e defensa mediante VMB aplicables en función dos períodos de non operatividade e polos períodos de actuación: a operatividade inferior á ordinaria (16 horas) suporá unha minoración da axuda calculada polo rateo das horas/día non operativas ata o mínimo de 8 horas. Superado este límite, a axuda por esa xornada anúlase. Para o cumprimento da operatividade total do vehículo será necesario contar con 3 condutores.

O importe do desconto por xornada calcúlase sobre a contía total da axuda. Para estes efectos os meses considéranse de 30 días.

- b) Minoracións para labores de vixilancia e defensa da brigada:

No período ou períodos nos que as brigadas queden con menos de 3 compoñentes considerarase que a brigada queda na súa totalidade inoperativa.

Así mesmo se considera totalmente inoperativa a brigada cando falte o xefe de brigada (coa excepción do establecido na cláusula décimo novena, punto 1, terceiro parágrafo.

Nestes casos a axuda anúlase na contía resultante rateada respecto do período total da actuación. Para estes efectos os meses considéranse de 30 días.

Así mesmo, deberase ter en conta a minoración feita segundo o establecido na cláusula décimo quinta, punto 3. b) iii.

- c) Minoracións para labores de prevención de xeito mecanizado e/ou manuais: redución prevista no artigo 51 do Real Decreto 147/2023, de 28 de febreiro, polo que se establecen as



normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e se modifican varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para el período 2023-2027:

A penalización a aplicar calcularase en función dos importes que non resulten subvencionables tras os controis administrativos de cada solicitude de pago. O órgano instrutor examinará a solicitude de pago presentada pola entidade local e determinará os importes subvencionables e os que non o son. Ademais, fixará:

1. O importe pagadoiro ao beneficiario en función da solicitude de pago e da decisión de concesión. No caso de que o primeiro sexa superior ao segundo, o importe solicitado axustarase ao límite da concesión.
2. O importe pagadoiro ao beneficiario tras o exame da subvencionalidade do gasto que figure na solicitude de pago.

Se o importe fixado con arranxo ao punto 1, supera o importe fixado no punto 2 en máis dun 10%, aplicarase unha penalización ao importe fixado con arranxo ao punto 2. O importe da penalización será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá do importe solicitado.

A penalización mencionada aplicarase *mutatis mutandis*, aos gastos non subvencionables detectados durante os controis sobre o terreo.

2. O pagamento final polas actuacións de vixilancia e defensa contra incendios realizarase pola contía calculada correspondente logo do desconto polos días de non operatividade, se os houber, sempre que o gasto subvencionable xustificado pola entidade sexa igual ou superior ao importe da contía calculada, en caso contrario o pagamento realizarase por unha contía equivalente ao importe subvencionable xustificado.

Así mesmo terase en conta, se a houbera, a minoración realizada en aplicación da cláusula décimo quinta, punto 3.b.iii).

3. O pagamento final dos gastos derivados das accións de prevención realizarase pola contía calculada resultado da multiplicación das unidades de actuación reflectidas no informe final de execución do distrito polos prezos unitarios detallados na cláusula décimo terceira cos límites máximos establecidos na citada cláusula e minorada de ser o caso segundo o apartado c) do punto 1 desta cláusula.

4. O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agraria Común, e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar tanta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

6. Para os efectos de xustificación destas axudas, os importes xustificadas en cada un dos distintos expedientes xerados polas diferentes accións subvencionadas a cada entidade non son compensables entre si.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. *Reintegros*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas establecidas neste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á súa modificación.



2. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida e/ou á perda do dereito ao cobro das contías non percibidas.

3. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.

4. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos propios, os xuros de mora esixíranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. No suposto de reintegro de axudas concedidas con cargo a fondos Feader, os xuros de mora calcularanse segundo o establecido no artigo 10 da Lei 30/2022, do 23 de decembro, pola que se regula o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas: o cálculo dos xuros farase en función do tempo transcorrido entre a expiración do prazo de pago para a persoa beneficiaria indicado na resolución do procedemento de reintegro e a data de reembolso ou dedución. O prazo de devolución indebido non poderá ser superior en máis de dous meses dende a data de resolución.

VIXÉSIMA SEGUNDA. *Incompatibilidade de axudas*

As axudas concedidas neste convenio son incompatibles con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade. Así mesmo, no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

VIXÉSIMO TERCEIRA. *Publicidade*

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, as partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e goberno aberto.

2. Asemade, en materia de fondos Feader (rozas manuais e mecanizadas) as obrigas en materia de publicidade veñen recollidas no Regulamento de execución (UE) 2022/129 da comisión do 21 de decembro de 2021 e no disposto na "Instrucción AXR PEPAC 01/2023 de información, publicidade e visibilidade" (<https://pdr-mediourural.xunta.gal/gl/pepac/publicidade>):

"Todas as actividades de información e publicidade que leven a cabo as persoas beneficiarias deberán destacar o apoio dos fondos á operación incorporando:

a. O logo da Xunta de Galicia.



- b. O emblema da Unión Europea e, xunto a el, a declaración «Financiado pola Unión Europea» ou «Cofinanciado pola Unión Europea», que figurará sen abreviar.
- c. O logotipo xeral oficial do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA).
- d. Referencia á axuda do Feader a través do PEPAC, indicando o cofinanciamento pola Unión Europea, a porcentaxe de cofinanciamento e o montante total da axuda.

Cando a persoa beneficiaria dispoña dun sitio web e/ou contas oficiais nas redes sociais, deberá incorporar, ademais do disposto no punto anterior, unha breve descrición da operación que recibe os fondos europeos, de maneira proporcionada ao nivel da axuda, e indicará os seus obxectivos e resultados.

As intervencións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 euros deberán colocar, polo menos, un panel de tamaño A3 (300x450mm), ou pantalla electrónica equivalente, nun lugar ben visible no terreo onde se realicen as actuacións obxecto de subvención, que fará referencia clara e inequívoca á axuda concedida con expresión dos datos identificativos desta orde, acompañados polo logotipo da Xunta de Galicia e da Consellería do Medio Rural, e o do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, destacando a axuda financeira recibida pola Unión (*modelo do cartel: punto 3.4 da instrución indicada*)."

VIXÉSIMO CUARTA. *Comisión de seguimento*

Constitúese unha Comisión de seguimento como mecanismo de actuación conxunta para o seguimento, a coordinación e a avaliación das actuacións estipuladas no convenio e, nomeadamente, para aprobar o PAP e as modificacións das datas de inicio de operatividade e tamén para a proposta de solución das situacións excepcionais motivadas por ausencia de xefe/a de brigada, independentemente do número de brigadas municipais conveniadas. A dita comisión, que se reunirá a petición de calquera das partes, estará integrada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Prevención (ou persoa en quen delegue), que a presidirá; por unha persoa funcionaria do distrito forestal que corresponda por razón do territorio, designada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte e por unha persoa en representación da entidade local.

O dito órgano colexiado rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

VIXÉSIMO QUINTA. *Relación por medios electrónicos*

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación administrativa entre as partes asinantes realizarase por medios electrónicos. As notificacións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

De conformidade co anterior, a xestión administrativa do convenio realizarase obrigatoriamente a través do sistema informático CONLU para a xestión de convenios da Dirección Xeral de Defensa do Monte. A entidade local obterá as claves de usuario, de non dispor delas, para os perfís correspondentes accedendo ao sistema a través do enderezo web <https://conlu.xunta.gal/>.



A Dirección Xeral de Defensa do Monte garantirá o soporte necesario para o funcionamento óptimo e o intercambio de comunicacións e de notificacións esenciais para a execución do convenio.

Así mesmo, manterá actualizadas nun acceso visible, na páxina de inicio do sistema e na web oficial da Consellería do Medio Rural, as instrucións necesarias para a realización dos trámites administrativos correspondentes e a información das normas de publicidade e das técnicas aplicables para o desenvolvemento correcto das accións obxecto do convenio.

VIXÉSIMO SEXTA. *Información básica sobre a protección de datos de carácter persoal*

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

VIXÉSIMO SÉTIMA. *Modificación e extinción do convenio*

Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente, e seguindo todos os trámites necesarios para a formalización oportuna.

O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por mutuo acordo das partes, por circunstancias que imposibiliten a realización das actuacións previstas e/ou por incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas. Os reintegros ou as perdas de dereito xeradas por estes incumprimentos tramitaranse segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMO OITAVA. *Réxime xurídico*

Este convenio réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e



nos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

VIXÉSIMO NOVENA. *Vixencia*

Este convenio producirá efectos dende a sinatura e ata o 31 de decembro de 2026.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, no lugar sinalado no encabezamento.

A Conselleira do Medio Rural

María José Gómez Rodríguez

O Alcalde do Concello de NEGREIRA

Manuel Ángel Leis Míguez



ANEXO I: Contido mínimo do Plan de Actuacións Preventivas (PAP)

O Plan de Actuacións Preventivas deberá ter o seguinte contido mínimo:

1. Ámbito de actuación das actuacións preventivas

Realizaranse os traballos de prevención de incendios, dentro do ámbito municipal da entidade local, en:

- Vías e camiños forestais, áreas de devasas ou nas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Superficies sobre as que a entidade local teña a cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de persoa propietaria descoñecida, previa a acreditación da dita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.
- Parcelas incluídas na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do concello (en caso de investigación do estado de xestión da biomasa de parcelas).

2. Tipos de traballo obxecto de axuda

- Brigadas de prevención:
 - Actuacións preventivas manuais como rozas, rareos e eliminación posterior de restos, cos importes máximos de axuda por hectárea establecidos no punto 1.4. Estes traballos poderanse realizar en zonas mecanizables sempre que existan circunstancias que tecnicamente o aconsellen (superficies reducidas, existencia de obstáculos físicos e similares).
 - Traballos de investigación do estado das parcelas da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais (12 €/parcela).
- Tratamentos preventivos: consistirán en actuacións mecanizadas mediante rozas co obxecto de diminuír a carga de combustible. No caso de roza de faixas auxiliares en marxes de vías incluírase nesta actuación a roza de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.

3. Xustificación das superficies obxecto de actuación

- As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do distrito forestal en materia preventiva e deberán estar en concordancia co Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) e o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (se o houbera).
- Debe existir unha xustificación que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e a descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.
- De ser o caso, as superficies incluídas neste PAP serán diferentes ás propostas no PAP presentado para o convenio asinado por unha mancomunidade de municipios á que pertenza a entidade local.

4. Táboa resumo de superficies obxecto de actuación



Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación propostas, desagregando entre traballos mecanizados, manuais e de investigación de parcelas e dentro destes:

- Parcelas ou vías de actuación coa descrición, cando menos, da parroquia e o lugar (potestativamente, as referencias catastrais ou as parcelas SIXPAC).
- No caso de investigación de parcelas da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa, quedarán excluídas as que xa sexan obxecto de inspección ao abeiro do convenio
- subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias ou ao abeiro do convenio entre a Xunta de Galicia, Fegamp e deputacións provinciais, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencias supramunicipais.
- No caso de actuacións de roza manual, a superficie proposta deberase desagregar:
 - Roza manual 1: superficie de actuación con pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm (1.605,90 €/ha).
 - Roza manual 2: superficie de actuación con pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira igual ou inferior a 3 cm (1.712,96 €/ha).
 - Roza manual 3: superficie de actuación con pendente inferior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm (2.098,38 €/ha).
 - Roza manual 4: superficie de actuación con pendente igual ou superior ao 50% e diámetro basal da matogueira comprendido entre 3 e 6 cm (2.569,44 €/ha).

5. Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:5:000 ou, no seu defecto, 1:25:000 na que se reflectan as actuacións preventivas propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

No caso de propoñer traballos de investigación de parcelas da rede de faixas secundarias, bastará con indicar a parroquia na que se realizarán os traballos, non sendo obrigatorio a planimetría.



ANEXO II: Curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais

A entidade local certificará que o persoal realizou un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e a defensa contra os incendios forestais de 16 horas, que será impartido por persoal competente na materia do curso –enxeñeiro/a de montes ou enxeñeiro/a técnico/a forestal– co contido seguinte:

- A prevención e a defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 h
- Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 h
- Ferramentas, 1 h
- Extinción e liquidación, 1,5 h
- Condución de vehículos todoterreo, 0,5 h
- Seguridade laboral en incendios forestais, 1 h
- Primeiros auxilios, 2 h
- Traballo co vehículo motobomba, 2,5 h
- Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 h
- EPI e comunicacións, 1 h
- Seguridade e saúde e partes, 1 h
- Medios aéreos de embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 h

Este curso realizarase logo da selección de persoal e con anterioridade ao inicio da operatividade ou, no seu defecto, nos dous primeiros días desta. É unha formación obrigatoria para todo o persoal vinculado ás accións deste convenio, independentemente de que o realizaran con anterioridade.

